

FÉ
M
I
N
A
S
A
P
I
E
N
S
-INVERSA TEATRO

UNHA OBRA ESCRITA E INTERPRETADA POR MARTA PÉREZ
COA DIRECCIÓN DE CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO

Proxecto en
residencia coa
Casa Tomada
(A Coruña)



Fémína Sapiens é un só teatral escrito e interpretado por Marta Pérez e dirixido por Carlos Álvarez-Ossorio onde se pon de manifesto a pregunta sobre se é posible a evolución en torno ao aspecto Sapiens. Ou se, pola contra, somos máis proclives á involución.

Fémína Sapiens é «unha» personaxe que tenta buscar e analizar cal é o eslabón perdido entre a racionalidade e moralidade pasando polos estadios íntimos de violencia existentes en tres relacións fundamentais: a amizade, a familia e o amor.

Fémína Sapiens nace inspirada nos versos de Patricia Ariza en «Hojas de papel al viento»: «Sendo muller perdínme e só me atopei cando o souben. Fémína Sapiens». O suxerente da liña é a súa ruptura lingüística e conceptual porque supón un novo campo que debía ser investigado. Sempre se falou de que descendemos do Homo Sapiens pero sendo máis correctas descendemos da Fémína Sapiens. A palabra en si dá pé a un universo suxerente onde poder reflexionar sobre temas como a filosofía, a moral, o comportamento, a selección natural, a xustiza, a familia, a humillación, o medo, o amor, o engano, a amizade, a raiba e a violencia. Reflexións que levan a un lugar íntimo onde poder experimentar novos retos: o reto de facer unha dramaturxia de corte contemporáneo e carácter asociativo, de crear unha obra que fuxa da linguaxe xínope (é dicir, que invisibiliza o feminino), de empregar a fisicidade para a construción de textos, de profundizar nunha liña de traballo baseada no autobiográfico para xogar cos límites entre realidade e texto, de estar soa no escenario e non monologar e buscar novos mecanismos que exploren escénicamente a conversa, a exposición fronte á situacionalidade e a peza paisaxe fronte á peza máquina.

FÉM INA SA- PIE NS





FÉMINA INA SA- PIE NS

Fémina Sapiens é un proxecto onde o cómico e o trágico se entrelazan para falar sobre o universo da violencia nas relacións íntimas de amor, familia e amizade que ten o personaxe. A través dun espazo-laboratorio, Fémina Sapiens irá pasando por diversas probas para analizar-testar o seu grado de moralidade ante diferentes situacións da vida cotiá.

Fémina Sapiens é un proxecto de creación escénica, fundamentado no traballo actoral, mais sostido pola potencia do visual e do sonoro deica acadar unha peza paisaxe composta por paisaxes corporais, paisaxes visuais e paisaxes sonoras que capten ao espectador non só pola lóxica dramática senón tamén pola vía da contemplación e da sensación. Por elo, este espazo-laboratorio no que Fémina se move, sitúanos no ámbito dunha escenografía-instalación na que toman importancia as proxeccións, as luces intermitentes e os diferentes micros colocados en diferentes obxectos cos que Fémina se move.

Con todo o que sucede en **Fémina Sapiens**, exploraremos o campo da moral para saber se é posible unha evolución na mesma que nos devolva unha esperanza ilustrada de progreso moral ou nos leve a concluír que canto máis intentos de moralidade se teñen, máis involución se dá na realidade. Isto é, analizar se somos ou non moldeables en torno ao aspecto Sapiens e por tanto tentar comprender que é iso da evolución (se é que a houbo) ou se pola contra, só somos portadores dun xen egoísta que se perpetúa na nosa especie e todo o noso comportamento baséase na súa tiranía invisible.

MARTA PÉREZ (A Cañiza, 1979)

Actriz, creadora e produtora teatral. Dirixe Inversa Teatro dende a súa fundación, en 2009. Con esta compañía actuou en numerosos festivais e teatros de Galicia, España e Latinoamérica, xirando por Colombia, México e Venezuela e contando tamén con presenza en Brasil. Inversa Teatro realiza un intenso traballo creativo arredor da convivencia de diferentes campos artísticos, como artes escénicas, audiovisual, música e artes gráficas; ao tempo que aposta por un teatro contemporáneo e de experimentación cargado de intención feminista, poñendo en cuestión a cotío o papel da muller na sociedade.

CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO (Sevilla, 1973)

É director, actor e autor teatral e audiovisual. Foi director artístico e técnico da Feira de Teatro de Rúa LaTeatral e director convidado ao encontro europeo «Connaître, produire, jouer le jeune théâtre européen» e aos Terceiros Encontros de Creación Contemporánea en Magalia. Obtivo múltiples premios, como o Premio José Luís Alonso da Asociación de Directores de Escena de España, o Premio MAX ao Mellor Autor en Galego, o Telón Chivas ao Mellor Autor Veterano ou o Premio Jara do Teatro Profesional Extremeño ao Mellor Director.



FICHA ARTÍSTICA

TEXTO E INTERPRETACIÓN.

Marta Pérez

DIRECCIÓN.

Carlos Álvarez-Ossorio

PRODUCCIÓN.

Inversa Teatro

ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO.

Eufrasio Lucena-Muñoz

ESPAZO SONORO.

Inversa Teatro

FOTOGRAFÍA.

Gus Abreu

AUDIOVISUAL.

Carlos Álvarez-Ossorio

DESEÑO GRÁFICO.

María Rodríguez

TÉCNICA TEATRAL: Teatro experimental

DURACIÓN DO ESPECTÁCULO: 60 minutos

DATOS DE CONTACTO

E CONTRATACIÓN

CAXÉ

1.000 € (IVE incluido)



CONTACTO

-INVERSATEATRO

MARTA PÉREZ

0034 690 084 625

inversa@inversateatro.com

www.inversateatro.com



inversateatro